



# Boletín de Medio Ambiente



## Illa de Sálvora

Concello: Ribeira

**Historia:** Situada na entrada da Ría de Arousa e rodeada de numerosos illotes, Sálvora alberga unha riqueza de flora e fauna conservada debido á escasa influencia que o home exerceu durante séculos. Case todo o perímetro da illa é zona rochosa, agás tres praias de branca e fina arena.

Desde o ano 2001 está integrada no Parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, e este ano o archipélago de Sálvora declarouse ben de interese cultural (BIC) na categoría de paisaxe cultural.

**Ruta do Faro:** itinerario autoguiado mediante paneis interpretativos no camiño que leva ao faro da illa.

## Noticias

### 33 anos con temperaturas superiores ao habitual

O planeta Terra encadea 400 meses consecutivos con temperaturas mensuais superiores á media do século XX despois de que abril de 2018 fose o terceiro máis cálido no rexistro histórico mundial, que comeza en 1880.

O último informe da Administración Nacional Atmosférica e Oceánica destaca que a temperatura combinada da superficie terrestre e oceánica de abril foi  $0,83^{\circ}\text{C}$  superior á media do século XX, que é de  $13,7^{\circ}\text{C}$ . Trátase do terceiro abril máis caloroso en 139 anos, só por detrás dos de 2016 ( $1,08^{\circ}\text{C}$ ) e 2017 ( $0,89^{\circ}\text{C}$ ).

Fonte: ABC

### O lixo do planeta chega a Canarias

O parque natural do Arquipélago de Chinijo, o parque marítimo terrestre máis importante das Illas Canarias e a reserva mariña máis grande de Europa atópase ameazada por unha das grandes pragas do S.XX: os plásticos.

Cada tempada, os voluntarios de WWF recollen entre 4.500 e 6.000 quilos de lixo de todo o parque. Botes, envases, cabichas, peites, botellas de plástico, redes de pesca... Os plásticos chegan de latitudes máis ao norte, do sur de Europa, do norte de África e, mesmo, desde América conducidos polas correntes.

Fonte: El País

## Avance da UE na redución de plásticos

A proposta lexislativa da Comisión Europea avoga por obrigar a utilizar materiais sustentables na produción de palliñas para beber, paus para suxeitar globos, bastoncillos para limparse os oídos ou vasos e pratos de plástico.

Pediráselles aos estados da UE que reduzan o consumo de plásticos de uso único, por exemplo de recipientes para alimentos ou vasos de plástico, ofrecendo nos puntos d'e venda alternativas sustentables ou prohibindo que estes se distribúan gratuitamente. Da mesma maneira, a Comisión pretende tamén obrigar aos países da UE a recuperar o 90% das botellas de bebidas de plástico dun só uso para 2025.

A proposta da Comisión non contempla expresamente un novo imposto sobre o plástico, iniciativa que forma parte do debate público sobre estes materiais contaminantes, áinda que o vicepresidente da Comisión Jyrki Katainen precisou que o Executivo segue "considerando avanzar nesa dirección".

Fonte: El Diario

## Caza de osos grizzly en Estados Unidos

O estado de Wyoming (EE.UU.) aprobou un plan que establece, por primeira vez en 43 anos, unha tempada de caza co oso grizzly como protagonista na zona este do Parque Nacional de Yellowstone. Esta decisión despexa o camiño para que os cazadores deportivos disparen e abatan a 22 grizzlies durante a tempada, que comezará o 1 de setembro.

Hai un ano levantouse a protección a esta especie ao considerar que se recuperou. Os exemplares aumentaron desde os 150 no ano 1975 ata os máis de 700 exemplares que residen actualmente no parque nacional.

Fonte: The New York Times

## Luz solar e polución para crear plástico

Un equipo de científicos da Universidade de Toronto, en Canadá, logrou deseñar un proceso estable e eficiente para converter CO<sub>2</sub> en plástico, e todo iso usando enerxía solar. O obxectivo é capturar o CO<sub>2</sub> das centrais eléctricas e as fábricas -e mesmo directamente da atmosfera algún día- e convertelo usando unha fonte de enerxía renovable en etileno, que é un produto químico moi habitual, precursor de moitos plásticos, como o polietileno, que é o máis común e do que se producen anualmente en todo o planeta 80 millóns de toneladas.

Na actualidade xa existen procesos para filtrar e extraer CO<sub>2</sub> dos gases invernadoiro, pero ou ben son procesos inestables ou ben non se obtén un producto de valor que compense o custo de capturalo. Por iso é polo que os investigadores propuxénsense obter un producto químico de valor que faga atractivo para as empresas investir na tecnoloxía de captura deste gas.

Fonte: La Vanguardia

## Sabías que...

segundo un informe da Axencia Internacional de Enerxía, nos próximos 30 anos venderanse unha media de 10 novos dispositivos de aire acondicionado por segundo.

O uso de aires acondicionados xa representa aproximadamente unha quinta parte da electricidade total utilizada en edificios en todo o mundo, ou o 10% de todo o consumo mundial de electricidade.

Si este verán decides comprar un aparello de aire acondicionado lembra comprar un aparello eficiente, áinda que o seu prezo sexa superior a longo prazo terminarás aforrando, e faráslle un favor ao planeta.

# Boas Prácticas

## Hamburgo declara a guerra aos coches diesel

A partir do próximo 31 de maio prohibírase a circulación de vehículos diésel na vía máis contaminada da cidade de Hamburgo, Alemaña. Nun principio a restrición anunciada afectará únicamente a dous tramos da rúa do céntrico distrito de Altona Norte. Nesta concorrida área é onde se identificou que os niveis de dióxido de nitróxeno superaban os límites establecidos pola UE.

A medida afectará a todos os automóbiles diésel que non cumplan co estándar comunitario "Euro 6", e "Euronorm 5" no caso dos camións.

En xuño do 2017 o goberno da cidade aprobou a prohibición deses vehículos pero a decisión había quedado pendente dun recurso xudicial, pero o pasado 27 de febreiro o Tribunal Superior do Contencioso-administrativo asegurou que esa prohibición era aplicable e perfectamente proporcional.

Fonte: El Periódico

## O supermercado Lidl elimina as bolsas de plástico

A empresa de supermercados Lidl deixará de comercializar a final de ano bolsas de plástico dun só uso para transportar a compra. Coa decisión de retirar por completo este produto, algo que xa comezou nos seus centros de Baleares, a firma adiántase á normativa europea que en 2020 prohibirá a comercialización de bolsas de plástico lixeiras para reducir o seu impacto ambiental. No seu lugar, comercializarán bolsas de rafia, feitas tamén a partir de plástico, pero reciclado.

Fonte: 20 minutos

## Solución para o problema das toallitas hixiénicas

Estudantes de primeiro de Bacharelato do colexo Maristas de Ourense gañaron o certame nacional do Stockholm Junior Water Prize (SJWP) cun sistema ecolóxico para degradar as toallitas hixiénicas, baseado na capacidade do verme do mel para descompor os compostos derivados do polietileno.

Para desenvolver o seu proxecto, baseáronse nas recentes investigacións das universidades de Cantabria e Cambridge, que demostran que o verme do mel pode degradar o polietileno de forma natural, mediante a súa inxesta.

Fonte: La Voz de Galicia

## Axenda Ambiental

- 1/06/2018 – 3/06/2018 BIOTERRA 2018: Feira de Produtos Ecológicos, Bioconstrucción, Enerxías Renovables e Consumo Responsable. Irún
- 1/06/2018 – 10/06/2018 Desafío GreenFriday. Redes sociais, #DesafioGreenFriday.
- 7/06/2018 Posta en valor da marca da Reserva de Biosfera: unha ferramenta eficaz para lograr un desenvolvemento económico sostible. Oleiros

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)